

Que pasa na Costa

DIARIO DIXITAL DA COSTA DA MORTE

QUE PASA NA COSTA > CONCELLOS > CAMARIÑAS > **CHEO PARA DESCUBRIR A RUTA COSTA DO SOLPOR**

CAMARIÑAS CARBALLO CEE CORCUBIÓN CULTURA DESTACADA PORTADA
FISTERRA MUXÍA VIMIANZO

Cheo para descubrir a Ruta Costa do Solpor

REDACCIÓN QPC · 21 OCT 2015



A Ruta Costa do Solpor parou na Praia Langosteira

De rotundo éxito califica o propio Xosé María Lema Suárez a primeira experiencia ca [Ruta](#)

Costa do Solpor. Esta visita guiada polos lugares onde se desenvolve a súa novela homónima,volvendo ata agosto de 1761.

Organizada polo **Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte** (SEMESCOM) e co colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), foron 55 persoas as que completaron o aforo desta primeira excursión, sen baixa algunha a última hora e con lista de espera.<

Con saída en Vimianzo, correspondía falar do Castelo medieval vimiancés antes de partir, así como doutras fortalezas das terras de Altamira como Mens ou Corcubión. De aí a Boallo, dirección Muxía, para ver as ruínas onde viviu a familia Moscoso. Pasaron pola Praia Langosteira fisterrá, onde o profesor Antón G. Losada explicou a xeoloxía do Arco Fisterrán. E mais polo porto de Fisterra e polo Castelo de San Carlos, onde tomou a palabra o poeta e mariño Alexandre Neriú.

Continuou a expedición polas Terras de Nemancos cara Touriñán, Cuño, a Punta da Buitra e a praia de Arnela, a parada final da *Hispaniola* /, a embarcación protagonista da novela. Isabel Freire, da Radio Galega e o profesor Xan Fernández Carrera ampliaron a información.

Houbo parada para xantar nos Muíños, pero pronbto volvetaron cara Merexo, Meis, Cereixo, Ponte do Porto, Santa Mariña, e a pista do Reira, pola Costa dos Toxos ata a Duna do Monte Branco. Camelle foi a última parada desta cita que terá que repetirse con total seguridade, e da que podedes ver moito máis detallada no [web do Semescom](#).

Simbólica doazón



O propio historiador, etnógrafo e escritor vimiancés vén de visitar o Concello de Carballo para doar medio centenar de libros que pasarán a ser de propiedade municipal e que serán clasificados e postos a disposición dos fondos das bibliotecas carballesas. Entre eles hai obras relativas á Costa da Morte, a Vimianzo, a tese de Lema, titulada “A arte relixiosa na Terra de Soneira”, e tamén varios exemplares do seu último traballo con Xosé María Rei Lema “50 anos da Historia do Fútbol da Costa (1964-2014)”, editado neste ano 2015 polo Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte. O Alcalde de Carballo, Evencio Ferrero, recibiu ao historiador en persoa na Casa do Concello para agradecerlle o seu xesto.

Máis información